



Concello de Vigo

DON MARCIAL GARCINUÑO SAEZ, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

CERTIFICO: Que o Pleno deste Excmo. Concello, en sesión do día 26 de outubro 1995, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

42.- APROBACIONES DEFINITIVAS:

a) Ampliación do catálogo do PEEC.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 15 de novembro de 1993, acordou aprobar inicialmente a Ampliación do Catálogo anexo ó PEEC, redactado polo equipo técnico multidisciplinar INEM-Concello. Durante o prazo sinalado no Edicto da Alcaldía, publicado nos Boletíns Oficiais da Provincia núm. 39 e de Galicia núm. 51, correspondentes ós días 25 de febreiro e 15 de marzo de 1994, respectivamente, non se presentou no Rexistro Auxiliar de Urbanismo do Concello alegación ningunha.

A Xefa da oficina de xestión, do Sector de Urbanismo, con data 23 de marzo de 1995, e tendo en conta os informes emitidos pola Comisión Provincial de Patrimonio Histórico e Documental de 2 de novembro de 1994, e máis pola Comisión Provincial de Urbanismo de data 22 de febreiro de 1995, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Visto todo o anterior, o Secretario Xeral, con data 21 de setembro de 1995, informa favorablemente a aprobación definitiva do expediente.

A Comisión Informativa de Urbanismo dictamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACION E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:
Primeiro.- Aprobar definitivamente a Ampliación do Catálogo Anexo ó PEEC, redactado polo equipo técnico multidisciplinar INEM-Concello.
Segundo.- Dar conta do presente acordo á Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda, e ordeala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das

Entidades Locais, en Vigo a trece de novembro de mil novecentos noventa e cinco.



Vº. e Pr.
O Alcalde,

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]